

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 24 de xuño de 2011

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e catro de xuño de dous mil once e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(740).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO EXCMO. SR. ALCALDE SOBRE NOMEAMENTO DO PERSOAL EVENTUAL A XORNADA COMPLETA DOS GRUPOS POLÍTICOS DO PSOE E BNG.

Dase conta da devandita resolución, que litelamente di o seguinte:

En sesión de data 17 de xuño 2011, a Xunta de Goberno Local acordou determinar o número e réxime do persoal eventual ao servizo do Concello de Vigo, dentro dos termos do contemplado nos vixentes Orzamentos Municipais e Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo.

Considerando o disposto no artigo 12 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, en canto ás funcións de asesoramento e confianza especial que presta o persoal eventual, así como ás condicións de nomeamento e cese do mesmo; no uso das competencias que me atribúe o artigo 124.4, apartados b) e i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, pola presente RESOLVO:

PRIMEIRO.- Nomear persoal eventual suxeito ao previsto no artigo 12 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, á persoa proposta por esta Alcaldía para o posto de Secretaria.

POSTO	DEDICACIÓN	RETR.BRUTA ANUAL	NOME
Secretaria do Alcalde	Xornada completa	30.079,94 euros.	Rocio Fernández Gil

SEGUNDO.- Nomear persoal eventual suxeito ao previsto no artigo 12 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, ás persoas propostas polo grupo municipal socialista, seguidamente relacionadas, con cargo áos postos indicados:

POSTO	DEDICACIÓN	RETR.BRUTA ANUAL	NOME
Asesor grupo político municipal do PSOE	Xornada completa	30.079,94 euros.	Leticia Gallego San Roman
Asesor grupo político municipal do PSOE	Xornada completa	30.079,94 euros.	Fco. Javier Pardo Espiñeira.
Auxiliar administrativo grupo municipal PSOE	Xornada completa	21.473,51 euros.	Iago Solleiro Sanz

TERCEIRO.- Nomear persoal eventual suxeito ao previsto no artigo 12 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, ás persoas propostas polo grupo municipal do BNG, seguidamente relacionadas, con cargo áos postos indicados:

POSTO	DEDICACIÓN	RETR.BRUTA ANUAL	NOME
Asesor grupo político municipal do BNG	Xornada completa	30.079,94 euros.	Manuel Caride Correa
Asesor grupo político municipal do BNG	Xornada completa	30.079,94 euros.	Belén García Suarez
Auxiliar administrativo grupo municipal BNG	Xornada completa	21.473,51 euros.	Pilar Martínez Vázquez
Auxiliar administrativo grupo municipal BNG	Xornada completa	21.473,51 euros.	Maria Alonso Salgueiro

O presente nomeamento terá efectos económicos e administrativos dende a data da súa sinatura, sen prexuízo da publicación da mesma no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO.- Dispoñer que o réxime retributivo e o de prestación das funcións de asesoramento ou confianza especial será o acordado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data.17.06.2011.

QUINTO.- Dar conta da presente Resolución á Xunta de Goberno Local, dispoñendo igualmente a publicación da mesma no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello de Vigo.

SEXTO.- Notifíquese a presente á Intervención Xeral Municipal, Tesourería Municipal, Xefatura da Área de Réxime Interior, Xefatura do Servizo de Recursos Humanos, interesados/as e grupos políticos municipais do PSOE e BNG, aos efectos oportunos.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

2(741).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS A ORESA S.L. EXPTES. 3677/241, 3678/241.

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes de Intervención Xeral e de acordo cos informes-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 20.06.11, a Xunta de Goberno local acorda:

a) Devolver a ORESA S.L. a fianza de 18.842,36 € constituída para responder da humanización de beirarrúas na Avda. Castela, Fase I xa que as obras foron recibidas mediante acta de 28.05.09 por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

b) Devolver a ORESA S.L. a fianza de 6.074,90 €, constituída para responder da construción de beirarrúas na Baixada a Sta. Cristina xa que as obras foron recibidas mediante acta de 1.06.09 por se executaren donforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

3(742).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN AO CLUB CICLISTA RÍA DE VIGO PARA ORGANIZAR O “OPEN IBÉRICO DE CICLLISMO” O DOMINGO 26 DE XUÑO. EXPTE. 10608/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta do director Deportivo do IMD, do 14.06.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao Club Ciclista Ría de Vigo a organizar o vindeiro domingo 26 de xuño de 2011, o OPEN IBÉRICO DE CICLLISMO, dita proba comenará ás 09.00 horas e terá unha duración de 4 horas, o percorrido da carreira será na rúa Venezuela entre as rúas da Avda. Camelias e o cruce con a rúa Gran Vía.

4(743).- PROXECTO MODIFICADO DO CONTRATO DE SERVIZOS DE EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE INMERSIÓN EN LINGUA INGLESA (PILIVIGO). EXPTE. 12660/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 13.05.11, o informe de fiscalización do 31.05.11, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Educación, do 19.04.11, conformado pola Concelleira delegada de Educación, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto modificado (Memoria técnica revisada) do programa de inmersión en lingua inglesa (PILI) (expte 10410/332), conforme ao proxecto presentado pola empresa adjudicataria Newlink de data 11/03/2011, que obra no expediente, conformado polos servizos técnicos municipais.

2º.- Aprobar o orzamento modificado por un total de 401.293,13 euros, conforme ao presupuesto modificado que obra no expediente, asinado por Newlink e conformado polos técnicos municipais

3º.- En consecuencia, aprobar o incremento do gasto do contrato en 100.000 euros, con cargo á partida 3210.227.99.17 (Aulas Internacionais) do vixente orzamento municipal.

5(744).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 46.457,81 € A FAVOR DE UTE IMES-ESYCSA POLO MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS ELECTROMECAÑICAS DOS TÚNELES E PASOS INFERIORES. EXPTE.13386/444.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 14.06.11, e de acordo co informe-proposta do xefe dos Servizos Electromecánicos, do 3.06.11, conformado pola concelleira da Área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar unha indemnización substitutiva por importe total de 46.457,81 Euros, correspondente á facturación do mes de maio do ano 2011, con cargo á partida orzamentaria “*Mantemento Túneis e Pasos Inferiores*” 1650.227.99.02, así como, recoñecer a obriga a favor da UTE Imes-Esycsa polo citado importe, por prestación do devandito servizo.

6(745).- XUSTIFICANTES E LIBRAMENTOS.

Examinados os xustificantes de libramentos remitidos por Intervención Xeral, a Xunta de Goberno local aproba a seguinte relación dos mesmos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFICAC.	REINT.	S/FAVOR
ABALDE COMESAÑA RAQUEL	10086512	3.000,00	2.087,96	912,04	----
ALONSO FERRAGUD SANTIAGO	11005906	5.000,00	3.488,61	1.511,39	----
CABRERA RIANDE JORGE	10082319	200,00	199,51	0,49	----
CASTILLO MARTIN CARMELO	11008487	1.100,00	1.033,70	66,30	----
CASTILLO MARTIN CARMELO	11008488	400,00	412,04	----	12,04
COMESAÑA ALEN JUAN RAMON	10069949	1.500,00	1.450,20	49,80	----
COMESAÑA ALEN JUAN RAMON	11008485	1.100,00	1.033,70	66,30	----
COMESAÑA ALEN JUAN RAMON	11008486	400,00	324,74	75,26	----
COVELO ROMA ROSENDO GONZALO	11004641	21.240,00	21.240,00	----	----
COVELO ROMA ROSENDO GONZALO	11008489	4.000,00	3.476,00	524,00	----
ESCARIZ COUSO ALBERTO	10062959	200,00	154,80	45,20	----
ESCARIZ COUSO ALBERTO	11002180	1.100,00	1.100,00	----	----
ESCARIZ COUSO ALBERTO	11002859	750,00	494,56	255,44	----
ESCARIZ COUSO ALBERTO	11002860	930,33	930,33	----	----
ESCARIZ COUSO ALBERTO	11004638	50,00	50,00	----	----
ESCARIZ COUSO ALBERTO	11005910	191,81	191,81	----	----
ESCARIZ COUSO ALBERTO	11007871	188,04	188,04	----	----
ESCARIZ COUSO ALBERTO	11007872	220,00	177,02	42,98	----
ESCARIZ COUSO ALBERTO	11013011	54,04	54,04	----	----
ESCARIZ COUSO ALBERTO	11014793	250,00	250,00	----	----
ESCARIZ COUSO ALBERTO	11014794	230,00	307,54	----	77,54
ESCARIZ COUSO ALBERTO	11014796	225,44	328,81	----	103,37
ESPADA RE CAREY LUIS	11002849	17.999,00	17.858,33	140,67	----
ESPADA RE CAREY LUIS	11002850	311,00	311,00	----	----
ESPADA RE CAREY LUIS	11002851	500,00	435,05	64,95	----
ESPADA RE CAREY LUIS	11002852	500,00	449,94	50,06	----
ESPADA RE CAREY LUIS	11002854	500,00	369,59	130,41	----
ESPADA RE CAREY LUIS	11002855	1.000,00	985,64	14,36	----
ESPADA RE CAREY LUIS	11002856	1.000,00	154,82	845,18	----
ESPADA RE CAREY LUIS	11002857	500,00	453,42	46,58	----
ESPADA RE CAREY LUIS	11007741	17.999,00	17.549,33	449,67	----
ESPADA RE CAREY LUIS	11014789	17.999,00	17.458,93	540,07	----
FERNANDEZ FERNANDEZ PAZ	11001888	50.000,00	50.000,00	----	----
FERNANDEZ FERNANDEZ PAZ	11002861	100,00	100,00	----	----
GONZALEZ DOMINGUEZ LUZ Mª	11002140	11.669,27	11.669,27	----	----
GONZALEZ DOMINGUEZ LUZ Mª	11002165	206.544,88	205.119,59	1.425,29	----

GUTIERREZ ORUE FRANCISCO JAVIER	11005914	500,00	500,00	----	----
NUÑEZ ABOY MARTA	11006504	539,91	209,15	330,76	----
NUÑEZ ABOY MARTA	11006505	400,00	171,00	229,00	----
OLIVEIRA LOPEZ IGNACIO	11002843	272,71	259,48	13,23	----
OLIVEIRA LOPEZ IGNACIO	11002844	347,00	123,22	223,78	----
OLIVEIRA LOPEZ IGNACIO	11010510	1.420,80	1.420,80	----	----
OLIVEIRA LOPEZ IGNACIO	11012991	13.035,00	12.856,87	178,13	----
OTERO LAMAS JOSE ANGEL	11004637	400,00	398,83	1,17	----
QUINTELA RODRIGUEZ Mª JOSE	11004642	286.214,52	286.214,52	----	----
SAN LUIS COSTAS AVELINO	11002845	3.000,00	3.005,61	----	5,61
SAN LUIS COSTAS AVELINO	11002846	1.000,00	896,80	103,20	----
TOTAL		676.081,75	667.944,60	8.335,71	198,56

TOTAL XUSTIFICADO 667.944,60.-

7(746).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DEIXANDO SEN EFECTO REDUCCIÓN DE XORNADA DE Dª Mª ANGELES LANDÍN LORENZO. EXPTE. 22137/220.

Dáse conta da resolución do concelleiro-delegado de Xestión Municipal do 16.06.11, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

A través de escrito de data 14 de xuño de 2011 (doc. nº 110088267) Dª Mª Angeles Landín Lorenzo (nº persoal 81470), auxiliar administrativa interina adscrita ao Servizo de Benestar Social, solicita deixar sen efecto a redución de xornada autorizada por resolución de data 25 de marzo de 2011, consistente na metade do seu horario laboral, voltando á xornada normal de traballo con efectos a partir do vindeiro 1 de xullo.

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 13 de xuño do 2011 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,

RESOLVO

Deixar sen efecto a partir do día 1 de xullo de 2011, a redución de xornada solicitada por Dª Mª Angeles Landín Lorenzo (nº persoal 81470), auxiliar administrativa interina adscrita ao Servizo de Benestar Social, debendo percibir a partir do dito día as súas retribucións íntegras.

A presente resolución notifíquese á interesada, xefatura do Servizo, Intervención Xeral e Servizo de Recursos Humanos (inspector auxiliar de persoal, técnico de organización e planificación e negociado de Seguridade Social), e dese conta á Xunta de Goberno Local.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

8(747).- AXUDAS ESPECIAIS CON CARGO AO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL. EXPTE. 22135/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 17.06.11, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 15.06.11, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobar as axudas especiais propostas pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social do Concello de Vigo en acordo de data 23/05/2011, por un importe total de 5.491,00 € (CINCO MIL CATROCENTOS NOVENTA E UN EUROS), acordando en consecuencia que se proceda ao pagamento con cargo á clasificación orzamentaria 22101620400-Fondo Social aos empregados/as públicos municipais que se indican- segundo relación contida no cadro anexo- cos importes que no mesmo se especifican:

NOME	DNI	Nº Persoal	EUROS
Alves Diz, Miguel	36054689	17153	1.658,00 €
Bosque Zapata, José Manuel del	36036131	16975	740,00 €
Iglesias Alvarez de Novoa, M ^a Jesús	34586644	16544	640,00 €
Lago Costas, Antonio	35999604	23538	600,00 €
Morquillas Rodríguez, Víctor	36026680	14278	740,00 €
Neira Henche, Francisco J.	36051902	17130	780,00 €
Rodríguez Rial, Lara	36091020	80574	333,00 €
SUMA TOTAL			5.491,00 €

Segundo.- Denegar a solicitada por D. Daniel Fuentes Blanco, por ser socio-sanitaria.

9(748).- AXUDAS CON CARGO AO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL POR RECLAMACIÓN ESTUDIOS 2010. EXPTE 22133/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 17.06.11, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 15.06.11, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobar o outorgamento das seguintes axudas por reclamacións de estudos 2010, propostas pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social do Concello de Vigo en acordo de data 23/05/2011, por un importe total de 2070,00 € (DOUS MIL SETENTA EUROS), acordando en consecuencia que se proceda ao pagamento con cargo á clasificación orzamentaria 22101620400-Fondo Social aos empregados/as públicos municipais que se in-

dican- segundo relación contida no cadro anexo- cos importes que no mesmo se especifican:

NOME	DNI	Nº PERSOAL	EUROS
Alonso Correa, José Fernando	35989823	13480	230,00 €
Alonso Rodríguez, Alfonso	36026596	13764	105,00 €
Alvarez Prieto, Mª del Carmen	36047922	18709	150,00 €
Calvet Micas, Josefa	40857370	77826	180,00 €
Costas Taboas, J. Alberto	36063263	20623	75,00 €
Fernández Otero, Carlos	36124908	76479	80,00 €
García Soto, Francisco J.	36029618	79367	170,00 €
López Vázquez, Isidro	34933238	16828	105,00 €
Neira Henche, Francisco J.	36051902	17130	75,00 €
Otero Iglesias, Santiago	36075272	21373	75,00 €
Pitillas Torra, Francisco J.	22643038	21108	140,00 €
Rivera López, Deolinda	36013925	15846	105,00 €
Sola Quiroga, José C.	36036109	15088	300,00 €
Terré González, Iria	36166331	80168	280,00 €
SUMA TOTAL			2.070,00 €

Segundo.- Denegar as seguintes reclamacións, segundo acordo da Comisión Xestora de data 23/05/2011:

- Dª Elisa Casal Prieto.
- Dª Eva García Barbosa.
- Dª Emilia González Rodríguez.
- Dª María Belén Pérez Freire.

10(749).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO MES DE MAIO 2011. EXPTE. 22132/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 17.06.11, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 15.06.11, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o gasto por un importe de 6.657,19 €, correspondente aos desprazamentos efectuados por persoal municipal no termo municipal de Vigo en concepto de indemnizacións por razón do servizo, acreditada a súa efectiva realización nos expedientes e informes recibidos no Servizo de Recursos Humanos, asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno,

segundo a relación contida no cadro subseguinte -que comeza por D. Jesús M. Garrido Marcos e que remata en D. Javier Rodríguez Fernández-, imputándose o gasto con cargo á clasificación económica dos vixentes Orzamentos municipais 2312000 -Gastos de Locomoción, para o período maio 2011.”

	SERVIZO	TOTAL
1620	Limpeza	136,99 €
1550	Vías e Obras-O.S.P.I.O.	3.229,75 €
9222	Parque Móbil	215,22 €
2410	Emprego Desenvolvemento Local-Participación Cidadá	219,34 €
1640	Cemiterios	170,62 €
2220	Mobilidade, Seguridade e Transportes	695,59 €
9310	Inspección de Tributos	1.198,52 €
1210	Conserxería	621,68 €
2310	Benestar Social	37,24 €
3330	Museo Quiñones de León	132,24 €
	TOTAL	6.657,19 €

11(750).- SOLICITUDE DE PERMISO SEN SOLDADO DA FUNCIONARIA D^a MATILDE MARGARITA NÚÑEZ CUIÑAS. EXPTE. 22138/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 17.06.11, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 15.06.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Autorizar a D^a MATILDE MARGARITA NÚÑEZ CUIÑAS, NIF 36.022.088-V, e núm. persoal 19287, delineante asdcrita ao Sector de Mobilidade, Transporte e Seguridade, un permiso sen soldo por asuntos persoais de 15 días, no período comprendido entre o 23 de agosto e 6 de setembro de 2011, -ámbolos dous incluídos-, de conformidade co previsto no art. 17 c) do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ó servizo do concello de Vigo.

Durante a súa duración a interesada permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de antigüidade, pero non a efectos de vacacións, permiso por asuntos persoais e pagas extraordinarias.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo á interesada, xefe da Area de Mobilidade, Transporte e Seguridade, Servizo de Recursos Humanos (inspector auxiliar de persoal, técnico de organización e planificación de Recursos Humanos e negociado de Seguridade Social) e Intervención Xeral.

12(751).- EXECUCIÓN TÍTULOS XUDICIAIS 53/2011, DO XULGADO DO SOCIAL Nº 5, DOS DE VIGO, NO PROCEDIMENTO 231-232-591/2010, SOBRE RECOÑECIMIENTO DE DEREITO E CANTIDADES (PRIETO VALDENEBRO, ECHEGARAY PÉREZ E CRUZ LORENZO). EXPTE. 22031/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 14.06.11, e de acordo coa proposta da técnica de Xestión do Servizo de Recursos Humanos, do 5.05.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Proceder a dar cumprimento á execución de títulos xudiciais 53/2011 do Xulgado do Social Nº 5 dos de Vigo, no procedemento 231-232-591/2010, sobre recoñecemento de dereito e cantidades, nos autos seguidos a instancia de D^a Aranzazu Victoria Prieto Valdenebro, D^a M^a Begoña Echegaray Pérez e D^a M^a Eugenia Cruz Lorenzo, en relación coa sentenza 599/2010 de dito Xulgado, de abono de recoñecemento de dereito e abono de diferenzas salariais no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2009, por importe de 41.738,16 €

SEGUNDO.- Dispoñer que se proceda aos descontos das cantidades regulamentarias polos conceptos de seguridade social a cargo das traballadoras (2.671,24 €) e IRPF (6.260,72 €), efectuando o correspondente ingreso na conta do Xulgado do Social Nº 5 mediante transferencia bancaria na conta nº 0030 1846 42 0005001274, debendo indicar en concepto: expte. 3630 0000 64 005311. (41.738,16 €)

TERCEIRO.- Dispoñer que polo Negociado de Seguridade Social se proceda a realizar a oportuna liquidación e cotización (L03) á seguridade social, pola parte correspondente á seguridade social do traballador e da empresa, así como a remisión á Tesourería Xeral da Seguridade Social de oficio para realización de cambio de tipo de contrato ao 100, con efectos do 29 de setembro de 2010 data da firmeza de dita sentenza.

CUARTO.- Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Social nº 5 de Vigo ós oportunos efectos en relación coa providencia xudicial que se executa a través da representación legal do Concello no referido procedemento xudicial, notificando asemade ao Servizo de Asesoría Xurídica, Intervención Xeral, Xefatura de Desenvolvemento Local e Emprego, Xefatura da Área de Réxime Interior e Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social) aos efectos que procedan.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

13(752).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE AO MES DE MAIO 2011. EXPTE. 22115/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 14.06.11, e de acordo coa proposta da técnica de Recursos de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 10.06.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecelas obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servizo de Desinfección que figura na relación que se achega no expediente e que comeza por Don José Ramón Seijas Alvarez e remata por Don Alberto Seijas Fernández, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de Maio-2011 e que ascenden a un total 733'20 € (SETECENTOS TRINTA E TRES EUROS CON VINTE CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

14(753).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR XORNADA PARTIDA DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE MAIO 2011. EXPTE. 22114/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 14.06.11, e de acordo coa proposta da técnica de Recursos de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 10.06.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase ós traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don Jesús Alfonso Paz e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondente ao mes de maio de 2011, e que ascenden a un total de 1.223'04 €, con cargo ao RC nº 7354 da partida presupostaria 922.1.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

15(754).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE MAIO 2011. EXPTE. 22113/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 14.06.11, e de acordo coa proposta da técnica de Recursos de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 10.06.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servizo de Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran nas relacións que se achegan no expediente e que comezan por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondente ao mes de Maio-2011, e que ascenden a un total de 649'46 € (SEISCENTOS COARENTA E NOVE EUROS CON COARENTA E SEIS CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 922.0.151.00.00-Gratificacións.

16(755).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS CORRESPONDENTE AO MES DE MAIO 2011. EXPTE. 22116/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 14.06.11, e de acordo coa proposta da técnica de Recursos de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 10.06.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

SERVICIO	MES	APELIDOS E NOME	IMPORTE FESTIVAS	IMPORTE NOCTURNAS	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	Maio	Costas Fernández, Basilio a Fontán Balbuena, Camilo	490,44	70,72	561,16
Alcaldía (oficina)	Maio	Abalde Comesaña, Raquel	176,88	0,00	176,88
Limpeza	Maio	Arango Fernández, Luciado a Lago Lago, José	486,42	418,88	905,30
Policía Local	Maio	De Abalde Casanova, Jesús Iván a Vivero Mijares, Juan Guillermo	48.827,60	28.754,92	77.582,52
Parque Central	Abril/Maio	De Aira Pereira, Emilio a Rodríguez Souto, José Antonio	2.259,24	1.493,28	3.752,52
Parque Móbil	Maio	De Alonso González, Angel a Riveiro Rodríguez, José	1.030,13	1.086,64	2.116,77
Tenencia Alcaldía	Maio	De Pérez Costas, José Luis a Vázquez Martínez, Manuel A.	8,04	21,76	29,80
Extinción Incendios	Maio	De Alonso Abalde, Manuel a Vila Da Vila, José Carlos	864,30	179,52	1.043,82
Cemiterios	Maio	De Alfonso Paz, Jesús a Vilanova Acuña, Delmiro	2.535,68	0,00	2.535,68
IMD	Maio	De Rodriguez Presas, Julio	87,44	20,40	107,84
Montes, Parques e Xardíns	Maio	De Casas Iglesias, Alfonso a Vidal Álvarez, José Luis	1.366,80	758,88	2.125,68
Museo	Maio	De Rodríguez Fernández, Javier a González Bello, Andrés	320,60	0,00	320,60
TOTAL			58.453,56	32.805,00	91.258,55

os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 91.258,55 €, con cargo a partida presupostaria 922.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.

17(756).- ATRASOS DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS CORRESPONDENTE AOS MESES DE FEBREIRO, MARZO E ABRIL 2011. EXPTE. 22121/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 14.06.11, e de acordo coa proposta da técnica de Recursos de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 10.06.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar atrasos correspondentes aos meses de febreiro, marzo e abril, en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas pertencente ao servizo de Extinción de Incendios, segundo a seguinte distribución:

SERVICIO	MES	APELIDOS E NOME	IMPORTE FESTIVAS	IMPORTE NOCTURNAS	IMPORTE TOTAL
Extinción de Incendios	Febreiro	Abreu Torres, Francisco J. a Villar Domínguez, Manuel	4.052,16	1.028,16	5.080,32
	Marzo	Alonso Villar, Justo a Perez Ruiz, Etelvino	4.245,12	1.077,12	5.322,24
	Abril	Alonso Covelo, Vicente a Ricoy Martínez, Luis	4.920,48	1.248,48	6.168,96
Total.....			13.217,76	3.353,76	16.571,52

os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 16.571,52 €, con cargo a partida presupostaria 922.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.

18(757).- SOLICITUDE DA COMISIÓN DE FESTAS DA CONSOLACIÓN-COIA DE AUTORIZACIÓN PARA A OCUPACIÓN DE ESPAZO PÚBLICO POLA CELEBRACIÓN DE DITAS FESTAS DO 1 Ó 6 DE XULLO DE 2011. EXPTE. 80608/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da enxeñeira técnica, do 17.06.11, conformado polo concelleiro-delegado de Área de Mobilidade, Seguridade e Transportes, a Xunta de Goberno local acorda:

AUTORIZAR á Comisión de Festas da Consolación-Coia a ocupación do espazo público solicitado co gallo da celebración das Festas da Consolación de Coia nos xardíns de Coia, os vindeiros días 01, 02,03,04,05,e 06 de xullo de 2011 no recinto sinalado no plano que se achega debendo: delimitar o recinto, deixar espazo baleiro para o paso de persoas e vehículos no caso de urxencias; asimesmo, non se poderá ocupar ou invadir as vías públicas ou accesos, debendo sinalizar o contorno para a libre circulación de persoas e vehículos na zona, velando os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública.

Axustaranse, así mesmo, ás seguintes normas:

- ▣ Terán que presentar un aval por valor de 8000 € (o cal achegan) para responder dos posibles danos que se poidan ocasionar.

Deberán de cumprir as normas xerais sobre a utilización de espazos públicos segundo acordo da Comisión de Goberno de 17 de marzo de 2003.

Deberán absterse de colocar carteis ou pancartas nas árbores dos xardíns

Deberán dispor dun servizo de limpeza para a recollida de restos que poidan xenerar a festa, quedando a zona utilizada nas mesmas condicións que antes do seu uso

Non poderán permanecer animais no recinto das festas

Os desauges de auga deberán de estar conectados á rede de saneamento

Deberán usar o logotipo das Concellerías de Limpeza e Parques e Xardíns en toda a publicidade e anuncios que fagan referencia as festas

- ▣ Horario máximo autorizado: 3:30 horas coas ampliacións previstas na orde de 16 de xuño de 2005 pola que se determinan os horarios de apertura e peche de espectáculos e establecementos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ▣ Límite transmisión ruidos : non se superarán os fixados na taboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruidos e Vibracións, publicado no B.O.P.de data 16 de outubro de 2000.
- ▣ Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.
- ▣ Deberán de garantir que dispoñen de certificado de instalación emitido por instalador autorizado oficial que permite a súa posta en funcionamento con independencia de que o seu subministro se realice conectándose a unha rede de distribución ou como prolifera actualmente mediante un grupo halóxeno,entendéndose non autorizado este evento senón dispoñen do mencionado certificado.

A persoa responsable estará presente e localizable no teléfono 619892168 , José Porto Padín (en representación da Agrupación de festas da localidade de Vigo) ou ben Alfonso Carrera (Presidente da Comisión de Festas) no teléfono 664540976.

19(758).- SOLICITUDE DA COFRARÍA DO STMO. CRISTO DOS AFRIXIDOS DE AUTORIZACIÓN PARA A OCUPACIÓN DE ESPAZO PÚBLICO POLA CELEBRACIÓN DAS FESTAS DE BOUZAS OS DÍAS DO 15 Ó 19 DE XULLO. EXPTE. 80607/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da enxeñeira técnica, do 20.06.11, conformado polo concelleiro-delegado de Área de Mobilidade, Seguridade e Transportes, a Xunta de Goberno local acorda:

AUTORIZAR á Cofraría do Stmo. Cristo dos Afrixidos, á ocupación do espazo público en estrada e beirarrúas da Alameda Suarez-Llanos, rúa Pescadores, Eduardo Cabello, rotonda das Áncoras, confluencia da rúa Beiramar, via de acceso ao recinto empresarial e industrial do porto de Bouzas solicitado, coas seguintes condicións:, deberán deixar libre, como límites do recinto, dende a última saída do aparcadoiro de camiións anterior á rotonda dos Graniteiros, evitando invadir a devandita rotonda así como o ramal do enlace da V.G. -20 até a ponte en ámbolosdous sentidos de circulación, tanto por atraccións como por peóns ou vehículos indebidamente estacionados ,así mesmo deberán de quedar expeditas a rúa Pescadores e a rotonda das Áncoras, pola grave afección que supón ao tránsito de persoas e vehículos e os riscos e inconvenientes que supón para a seguridade viaria dos usuarios, transporte público, empresas e actividade portuaria no seu contorno.

- No tocante aos peches diarios do tráfico rodado propostos, por entender que nunha ampla zona dos veciños de Bouzas e das diversas actividades empresariais próximas poden quedar incomunicados por terra, os organizadores deberán dispor medidas que garantan calquera posible emerxencia, ademais de contar coa preceptiva autorización dos titulares das vías afectadas non municipais (Ministerio de Fomento e Autoridade Portuaria) nos treitos e horarios previstos.

Deberán velar os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública, así como obter as correspondentes autorizacións nos casos de instalacións de barracas provisionais, cabaliños xiratorios, raandeiras, caruseis, tiro ó branco e outras similares.

Axustaranse así mesmo, ás seguintes normas, de conformidade co Acordo da Xunta de Goberno Local de data 13 de xuño de 2005:

- O espazo ocupado será debidamente delimitado e sinalizado de conformidade coa normativa vixente en materia de seguridade vial, para o libre tránsito de persoas e vehículos no seu entorno, con paso suficiente para os vehículos de urxencia e sen ocupar ou invadir as vías públicas, camiños de servicio ou accesos que non estén expresamente autorizados.
- Tódos os días da celebración prohibirase a circulación de vehículos na ronda litoral no treito comprendido entre a rotonda da confluencia das rúas Eduardo Cabello e Pescadores (coñecida como a das Áncoras) e até a rotonda de acceso á zona portuaria en ámbolosdous sentidos, entre as 19:00 e as 4:00 horas da mañá do seguinte día, agás o domingo 17 en que a hora de comezo da prohibición será ás 16:00 horas.

- O horario permitido de apertura ó público para as atraccións da festa, casetas, tómbolas e demais negocios relacionados coa ocupación da vía referida será para tódolos días entre as 19:00 e as 3:30 horas do seguinte, agás o domingo 17 en que será de 16:00 a 3.30 horas, coincidindo sempre co horario de peche ó tráfico na zona e nunca antes do comezo deste. Prohíbese expresamente que calquera destes negocios realice a súa actividade fora deste horario.
- Para garantir a seguridade dos asistentes e o cumprimento destes preceptos, a organización disporá dos medios técnicos e humanos suficientes para tal acontecemento, poñéndooos a disposición da Policía Local para colaborar con estes en todo o relativo á Seguridade Vial.
- Por parte da Policía Local procederase á vixilancia do estrito cumprimento destas normas de seguridade, podendo incluso chegar á anulación da licenza en caso de negligencia grave ou risco para os usuarios da vía.
- Horario máximo autorizado: 3.30 horas coas ampliacións previstas na orde de 16 de xuño de 2005 pola que se determinan os horarios de apertura e peche de espectáculos e establecementos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia
- Límite transmisión ruidos: non se superarán os fixados na táboa 1.2 do anexo da vixente ordenanza municipal de Ruídos e Vibracións, publicado no BOP de data 16 de outubro de 2000.
- Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.”
- Deberán de garantir que dispoñen de certificado de instalación emitido por instalador autorizado oficial que permite a súa posta en funcionamento con independencia de que o seu subministro se realice conectándose a unha rede de distribución ou como prolifera actualmente mediante un grupo halóxeno,entendéndose non autorizado este evento senón dispoñen do mencionado certificado.
- A persoa de contacto estará presente e localizable no teléfono 986-246436 sendo ésta Paulino Freire Gestoso.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

20(759).- BASES REGULADORAS DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DOS/AS TRABALLADORES/AS DESEMPREGADOS E CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, DE DURACIÓN DETERMINADA E INTERÉS SOCIAL, NO MARCO DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN COA XUNTA DE GALICIA DO ANO 2011”. EXPTE. 8364/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Promoción Económica e Emprego, do 20.06.11, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar para o ano 2011 o procedemento de selección establecido nas “Bases reguladoras do procedemento de selección dos/as traballadores/as desempregados e contratación laboral temporal, de duración determinada e interés social, no marco dos Programas de Cooperación coa Xunta de Galicia do ano 2010”, aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 7 de xuño de 2010, e que se achegan no Anexo I.

ANEXO I

“Bases de selección do persoal laboral-temporal de duración determinada e interés social, no marco da subvención de Programas de Cooperación Xunta de Galicia-Concello de Vigo, para o ano 2011”

a) A oferta na súa formulación non poderá conter elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación que non responda aos criterios preferenciais establecidos no parágrafo seguinte ou se trate de favorecer aos colectivos enumerados neste.

b) En ningún caso poderá incluírse nin admitirse coma criterio de emparellamento a posesión de experiencia laboral.

c) Os criterios de emparellamento són entroutros os relativos a titulación, formación e outro tipo de coñecementos, sempre que estean xustificadas no expediente de solicitude e sexan coherentes coa resolución de concesión e aqueles que fixe a vixente lexislación en materia de selección e contratación de persoal.

d) O Concello presentará as ofertas de traballo cunha antelación mínima de 15 días hábiles a data prevista para realizar as correspondentes contratacións

A Oficina de Emprego, unha vez realizada a sondaxe de demandantes atendendo a maior adecuación ao posto de traballo ofertado, proporcionando, de ser posíbel o número de persoas candidatas por posto de traballo, que en ningún caso poderá ser inferior a dúas nin superior a dez.

4º.- Valoración.- Terán preferencia, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral, e se é o caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, e se valorarán do seguinte xeito:

Muller: 0,7.- puntos, no caso de ser muller desempregada.
1,5.- puntos, aquelas que acrediten a condición de vítimas da violencia.

Idade:

De 16 a 29 anos	0,5 puntos
De 45 a 65 anos	0,5 puntos

Primeiro Emprego: 0,5 punto os demandantes de primeiro emprego.

Desemprego de longa duración: 0,5 puntos por un ano ou máis en desemprego, segundo vida laboral, contado o tempo en desemprego a partir do último contrato de traballo cunha duración de cinco meses ou máis (a tempo completo ou a parte proporcional se é a tempo parcial).

Discapacitados/as: 0,5 puntos, cunha minusvalía igual ou superior ao 33 % e debidamente acreditada mediante certificado correspondente e sempre que a discapacidade sexa compatible co desempeño do posto de traballo.

Persoas desempregadas que esgotásen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivéran dereito: 0,5 punto

Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente beneficiarios da renda de integración social de Galicia: 0,5 puntos.

Excepcións.- Excepcionalmente, según a orde da Consellería de Traballo reguladora das bases que rexen ditas subvencións, logo de solicitude debidamente xustificada por parte da entidade solicitante e logo de autorización expresa do respectivo xefe territorial da Conselleira de Traballo e Benestar, poderan utilizarse ofertas especiais con vinculación nominal cando se trate de seleccionar a mulleres vítimas de violencia e integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social.

5º.- As probas prácticas específicas e/ou entrevista persoal, relacionadas coas funcións e tarefas dos postos de traballo, puntuarase ata un máximo de 3 puntos.

6º.- Outras valoracións.- Ademais, para todos os postos excepto para os peóns (por ser postos que non necesitan cualificación), teranse en conta os seguintes criterios:

- ▣ Formación complementaria adecuada as funcións e tarefas de cada posto de traballo, puntuarase ata un máximo de 2 puntos (inclúense neste apartado os cursos de galego e as súas validacións segundo a Orde do 1 de abril de 2005).

Horas lectivas	Puntuación
De 20 a 49	0.1
De 50 a 99	0.2
De 100 a 199	0.3

De 200 a 299	0.4
300 ou máis	0.5

Outros méritos (publicacións, relatorios, outras titulacións relacionadas, posgraos...), valoráranse ata un máximo de 1 punto.

7º.- Requisitos imprescindibles.- Para seren admitidos/as á realización das probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, que deberán acreditar.

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.

b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas; no suposto de que os/as aspirantes sexan persoas con discapacidade física ou psíquica, deberase acreditar tanto o grao de discapacidade (igual ou superior ao 33%) como a compatibilidade da mesma co posto de traballo ofertado, mediante certificacións expedidas polo Administración Pública competente, nos termos do contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e normativa de concordante aplicación.

c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, de conformidade co disposto no artigo 56 da Lei 7/2007.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. Asimesmo, non poderá atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

e) Estar en posesión da titulación que se fixe para cada posto de traballo.

Os extremos contidos nos apartados a) e c) acreditaranse con fotocopia compulsada do documento nacional de identidade ou pasaporte; o do apartado e) con xerocopia compulsada do título oficial legalmente expedido; o do apartado b) e d), a través de declaración xurada ao efecto, sen prexuízo de supera-lo oportuno recoñecemento médico, ou certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica.

8º.-Comisión de Selección:

O órgano de selección terá carácter colegiado, e estará composto por cinco membros, actuando todos os membros con voz e voto, a excepción do secretario/a, que téñ solo voz, e comparecerán a título individual e cumprindo todos eles co estipulado no art. 60, da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A comisión de selección poderá nomear -asesores especialistas na materia-, que comparecerán a título individual, que actuarán con voz e sen voto.

Composición:

* *Presidente: O Xefe do Servizo de Promoción Económica e Emprego do Concello de Vigo.*

Corresponde ao Presidente acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendélos por causas xustificadas, asegura-lo cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

**Secretario: Un funcionario/a do Concello de Vigo ou dos seus organismos autónomos que actuará como Secretario/a, que actuará con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas e acordos, preferentemente, de habilitación nacional ou tco/a. de Admón Xeral/Especial, en aplicación do disposto na Disposición Adicional Segunda da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Emprego Público, e as funcións previstas no artigo 25 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.*

**Vocais:*

**O Xefe/a do Servizo municipal encargado da execución de cada memoria.*

**Dous funcionarios/as do Concello de Vigo, ou dos seus organismos autónomos.*

Tódolos membros da Comisión de Selección serán nomeados polo Concelleiro de Desenvolvemento Local e Emprego, simultaneamente cos titulares e suplentes correspondentes, todos, incluídos os asesores, con titulación igual ou superior a do posto ofertado, debendo comparecer todos eles a título individual e cumprir co estipulado no art. 60 do Estatuto Básico do Emprego Público en canto a súa composición e funcionamento.

Asimesmo, os/as integrantes da comisión de selección deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999. Os aspirantes tamén poderán recusar aos mesmos nos supostos previstos no artigo 29 da mesma norma.

O Órgano de Selección contará co asesoramento e asistencia técnica-administrativa de apoio, da Técnica de Organización e X. de Recursos Humanos, adscrita ó Servizo de Emprego.

Da valoración que a Comisión de Selección realice dos/as candidatos/as enviados/as polo Servizo Público de Emprego e tras as probas que se estime oportuno realizar (probas específicas, entrevista persoal, etc), emitirase acta co listado definitivo do persoal seleccionado que se contratará para cada un dos proxectos, así como os/as suplentes para cada posto.

Lista de substitucións.- Os aspirantes que superen tódalas probas do proceso selectivo, formarán parte dunha lista de substitucións, aos efectos de poder ser contratados temporalmente, para os casos de vacantes por renuncias, baixas, nos programas de emprego.

9º.- Contratación, modalidade e duración.- A modalidade de contratación será de “duración determinada de interese social” e facendo constar a indicación de programas de cooperación Xunta de Galicia-contratos que deberán formalizarse, no prazo e termos establecidos na resolución concedente da subvención e sempre tendo en conta a vixente lexislación aplicable en materia de contratación de persoal laboral temporal ao servizo da Administración Local, o EBEP e demais lexislación concordante na materia.

Os contratos formalizados comunicaránse por escrito á oficina de emprego.

En relación coa duración dos contratos, condicionada a vindeira resolución aprobatoria da Consellería de Traballo, terásese en conta ademais o límite disposto no artigo 15.5 do Real Decreto-Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, do Estatuto dos Traballadores, en nova redacción dada polo Real Decreto Lei 5/2006, de 9 de xuño, para a mellora do crecemento e do emprego (BOE Nº 141, mércores do 14 de xuño do 2006) en canto a prohibición legal do encadenamento dos contratos laborais temporais, que fixa unha duración máxima de 24 meses nun período de 30, sexa ou non o mesmo contratos e para o mesmo posto de traballo, circunstancia da cal se emitirá informe previo á contratación pola xefatura do servizo que corresponda.

Os traballadores cesarán na data que remate a memoria en cooperación e correspondente obra ou servizo de interese social e xeral subvencionada, para a que fóron contratados e desempeñarán as funcións e tarefas de candanseu posto de traballo e sempre dacordo cos obxetivos que correspondan a candansua obra ou servizo, en ningún caso destinaránse a realización doutras tarefas.

Unha vez finalizado o proceso de selección, procederáse a formalización da contratación pola Alcaldía Presidencia, a través do servizo de Recursos Humanos, baixo a modalidade de duración determinada de interese social, respetando a resolución aprobatoria da subvención e sempre dacordo coa normativa de vixente aplicación en materia de contratación de persoal laboral temporal o servizo do Concello de Vigo. En ningún caso se formalizará a contratación con aquelas persoas que non cumpran o estipulado neste apartado e os requisitos que esixa o Servizo de Recursos Humanos, dacordo coa lexislación e normativa vixente de aplicación, circunstancia da cal infórmase a todos eles.

10º.- Retribucións.- As retribucións serán as contempladas no Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego 2009-2011.

11º.- A xornada laboral será de 37,5 horas/semanais e horario sempre dacordo coas necesidades do servizo.

21(760).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e tres minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.